

# PAISAXE-PAISANAXE EN GALIZA: DESTRUCCIÓN DA IDENTIDADE


Por Felipe Senén\*



Muiño e castiñeiro



Horro de Pobra de Burón



Refuxio

Desde o futuro imperfecto diremos que na Galiza paisaxe e paisanaxe era un todo que debuxaba a súa identidade. Humus e humanismo encadrelábanse nestes atlánticos confíns extremo-occidentais de Europa. O animismo co que se anima o inanimado que deriva en cultos panteístas é algo que aínda hoxe segue vivo pese ao peso das doutrinas que se impoñen co tempo, da globalización comercial, da "macdonalización" imperante, de todo o que conflúe nun acelerado proceso de destrución dos escenarios da Historia e da Cultura. Cun Courel comesto polas louseiras non se entende a Novoneyra.

A paisaxe, o corpo da Galiza mostra en moitos puntos as súas feridas, a súa osamenta, que diría Castelao. Ás veces e dun só golpe e virada de ollada, ofrécese ese corpo aberto, esnaquizado, como roído polas ratas. As "ratas" que escribía Luis Seoane e nas que ás veces, ante os cartos, nos metamorfoseamos os humanos:

*"...Dende fai séculos loitan en Galiza os homes cas ratas.  
Ate que toda ela fique,  
coma ises castelos roiñentos  
e os mosteiros sin altares  
nin lembranzas de ritos,  
sendo soio rondada de morcegos  
e pantasmás..."*

Destrución disfrazada de "progreso", verba adulterada, pregoada desde a ignorancia do País, cando non é máis

que celeridade polo oportunismo. Sen nin tan sequera mirar para o que fan nesa Europa máis experimentada, onde aínda, e pese a selo, os "conservadores" conservan o seu.

## **SOBRE A PODREMIA MEDRAN COMO OS VERMES OS ESPERPENTOS...**

Non toca aquí facer un paseo pola nosa Historia, na que descubriríamos que esa interrelación do ser humano co humus está nas pegadas do culto aos Catro Elementos: ao lume, á auga, á terra, ao aire,... danzas baixo a luz do sol, da lúa simbolizadas nas esvásticas, nas rosáceas; as labaradas das fogueiras, o lume novo dos Magostos, San Silvestre, a Candeloria ou o San Xoán; tamén fontes, ríos, lagoas, o mar, a terra que son as penedas e os bosques, e o ar, o vento, o serán dos solsticios e dos equinoccios... Por aquí é onde mellor soa a gaita e o pandeiro, un aturuxo.

Ambientes sacros arredor dos que se ergue respectuosa, para resolver a vida e encadrelar a cultura, unha arquitectura sen arquitectos, simbiótica e que se fará tradicional, pese a ser trazada por construtores populares, mestres canteiros, arxinas xornaleiros; escultores que da arte dos canteiros foron capaces de facer o Pórtico da Gloria. Eles transmitiron o expresionismo a canto facían, deica converter súa obra en altares; pintores, escritores expresionistas que buscan os contras da luz en barrocos, que non son máis que transmisores, a voz da terra.

Esta realidade é a enseña da cultura galega, resultado da sabia interacción entre a paisaxe e a paisanaxe, cosida pois con tradicións que non traizoan, con innovacións xeniais e científicas, con relacións con outros mundos...

**"O Tegra, Teixido, Corrubedo, Fisterra, Ortegá, Caaveiro, as Cíes, Ons, a Praia das Catedrais, Pedregal de Irimia, Cabo Vilán, Devesa da Rogueira, Pindo, Muíños do Folón... ameazados santuarios da natureza, os que sempre chaman por nós"**

Mais a cultura ofrece os seus intrínsicos de esplendor e decadencia. E velaí bombardeados os seus escenarios, a secuencia do seu mesmo acontecer. E velaí manifesta a anomía xeral, por algo máis que por terra, mar e aire. A anomía é a degradación cultural, certa podremía produtora de toda gama de vermes, de neoesperpentos, "tonechificación", "chikilicuatres" que polo sufraxio universal chegan a ocupar despachos oficiais...non hai máis que acender a televisión ou mirar para os medios para saber como nos representan e coñecer quen somos.

## **ADULTERACIÓN DA VERBA "PROGRESO" E OFICIALIZACIÓN DA ALEIVOSÍA**

Prima a óptica da especulación do metro cúbico, todo se ve da cor dos solares construíbeis.... a Lei, a súa

vixianza, vai máis de vagar e non se adecúa ás realidades e aos sofisticados sistemas de especulación e destrución. A planificación que é esencia e fin da política, dos gobernos e das administracións, segue a ser materia pendente, por canto supón de convivencia, de benestar e de futuro. Planificación que só é palabrería coa que se adornan os discursos e as propagandas. Os estudos de impacto forman parte das rutinas protocolarias da burocracia e séguense a abrir canteiras, a coser a xeografía con gabias sobre castros, un destruído en Cervo, outro en Ames... mámoas en Boiro, as Pontes... ¡Ai As Pontes de García Rodríguez, museo de grandilocuentes despropósitos anti-humanistas! Instálanse polígonos e galpóns por onde lle cadra e a croa de espíñas eólicas cobre as testas dos montes máis altos, as piscifactorías pónense onde é máis fácil. A aleivosía semella oficializarse.

Poesía: horizontes de Galiza sobre os que campan as siluetas dos montes mansos, como animais deitados, que diría Otero Pedrayo, entre os que asoma sempre a croa dun castro, ondas de cores diferentes a cada hora do día, desde a alborada ao serán, aparecen agora róidos sen piedade polas canteiras, coroados por xeradores eólicos, pola continua sucesión dun e doutro plan de ir e vir de impactantes vías, modelos de urbanizacións transportadas da área periurbana madrileña, Guadalix de la Sierra... multiplicacións de minifundios separados de tulla, país inzado de arame e cemento maltratado. Namentres desaparecen antiquísimas tipoloxías de valados vexetais, madeira, canizo, pedra... para reaproveitar o somier metálico e servir de pecho. Aínda máis: portos de todas as gamas, vertedoiros de lixo, antenas de todas as telefonías sobre mámoas, castros, mostrario de todos os gastos de afeamento, mobiliario innecesario, bancos, fontes que non funcionan, churrascos... que poñen de manifesto a falla de planificación. Test sobre a ilustración municipal.

#### IDENTIDADE E TURISMO: CONTROLAR, INFORMAR, FORMAR....

Hai máis de medio século que o arqueólogo Florentino López Cuevillas se queixaba do perigo das pancas e dos barrenos do que entón serían inxenuos canteiros ante este noso hoxe da sofisticación de serras e procedementos para cortar todo tipo de pedras: Montes de Pena Corneira no Ribeiro de Avia; a

Pasarela e Laxe de Traba, mirando ao Mar da Costa da Morte; montes de Baltar, na Limia, mirando ao Couto Mixto; Serrabal do Pico Sacro sobre o Ulla; a Mourela das Pontes; as ribeiras do Lor no Courel dos tesos cumes; as ribeiras do Sil...Montes sacros, altares de onte, cristianizados por ermida e sartego construído por algún ermitán de tempo impreciso. Montes orientadores para anterigos viaxeiros, asomando no labirinto do horizonte. Montes penedos, faros, visos, penas agoireiras, escritas, abaladoras, sanadoras, fecundativas, albas, mouras.... santificados nacedoiros de regueiros, baixo un altar, que se fan ríos de vida...

**"A anomia é a degradación cultural, certa podremia produtora de toda gama de vermes, de neoesperpentos, 'tonechificación', 'chikilicuatres' que polo sufraxio universal chegan a ocupar despachos oficiais"**

O Tegra, Teixido, Corrubedo, Fisterra, Ortegal, Caaveiro, as Cíes, Ons, a Praia das Catedrais, Pedregal de Irimia, Cabo Vilán, Devesa da Rogueira, Pindo, Muiños do Folón... ameazados santuarios da natureza, os que sempre chaman por nós. Beleza natural sen máis aditamentos, espazos merecedores de control, dun "centro de turistas", apartado o obxecto da visita, organizador, previsor de todo canto lle poida cumprir ao visitante para enxergar ese encontro co que é seu a un tempo que se rendibiliza a riada de xente que é onde se move a economía: aparcadoiros para todo tipo de vehículos, servi-



Souto

zos, cafetaría, información turística, museo, "merchandaising"... e un sistema de transporte ecolóxico de ida e volta. Cuestións moi resoltas en zonas de interese natural e cultural na Europa civilizada, recursos de identidade e turismo que poñen a proba a madurez sociocultural e política dun pobo.

De non ser así, de non planificarse, o recurso maltratado convértese nun monstro depredador, fai o efecto contrario contribuíndo á degradación en progresión xeométrica. Hoxe moitos destes espazos singulares son auténticos atolladeiros de autocares, ir e vir de xente desorientada, lixo, tenderetes de souvenirs, vendedores ambulantes... a tarxeta postal do estado da cuestión que levan e exportan aqueles que escolleron (entre tanta oferta) estes confins para investir seu tempo de acougo e seus aforros.

#### ASUMIR O ESTADO DA CUESTIÓN E PLANIFICAR O HERDO DO FUTURO

Asunción do problema, coordinación das diferentes administracións que contribúen coas súas achegas a gastar fondos europeos (locais, provinciais, autonómicos, estatais...) para planificar o futuro. Aplicar a Lei, vixiar, facer fortes os puntos débiles. Cómpre coñecer e contrastar os éxitos e fracasos doutras experiencias de países con cuestións semellantes, de intervención sobre o corpo físico dun país que condicionou vida e cultura para todos (Irlanda, Bretaña, Escocia, Provenza, Holanda, Suecia, Finlandia...). Vida e cultura para todos, non só para uns.

E velaí a cuestión, aborregar a todos para que decidan só uns. Saber se convén e onde abrir as canteiras, as louseiras, as gravilleiras, as piscifactorías, as papeleiras... sen ir ao fácil, ao penedo sacro da encrucillada que orixinou cultos e identificou no mapamundi o lugar, o promontorio mariño que os devanceiros coidaron para mariscar ou simplemente para gozar da vista que é algo que cada día se busca, non se atopa e se cotiza máis.

Un país de universidades e de sabios, de humanistas que campan nos eidos das ciencias, das letras, das artes, tense que ver por algures, nos medios, nos tempos internáuticos, pero especialmente sobre o chan que pisamos e nos dá vida. Somos o que ofrecemos.

\* Felipe Senén é arqueólogo e museólogo.